

# BEGONTE, O TEMPO RECOBRADO

CARLOS NUEVO CAL

**A** civilización occidental afunde as súas raíces, dende moi antigo, na tradición xudeo-cristiana. De aí o grande arraigo popular do Nadal. Un período de festividades, costumes e ritos, de carácter relixioso ou mesmo de pegadas primixeniamente pagáns, que logo dunha profunda metamorfose remataron por ser asimiladas ou readaptadas.

Sen dúbida, unha das tradicións máis extendidas do Nadal e a representación plástica do belén ou nacemento de Xesús. A propia palabra belén fálanos da Bet-lechem bíblica, a "casa do pan" en hebreo, a aldea natal de Xesús; mentres a denominación nacemento refírese exclusivamente ao alumecemento de Cristo. Ademais, podemos atoparnos con outras voces como a catalana "pesebre" ou a portuguesa "presepios", como referencia ao berce natal.

A orixe actual dos nacementos remóntase á noite de Nadal do ano 1223, cando San Francisco de Asís reproduxo un pesebre vivinte, a xeito do de Belén, no interior dunha cova en Greggio, na Umbría italiana. Na propagação do belenismo en España foi fundamental o labor das monxas clarisas, vinculadas á orde franciscana, así como o apoio dos xesuítas, a partir da Contrarreforma, pero a tradición non se estendeu ata 1760, baixo o reinado de Carlos III. Co esplendor do barroco producírase un impulso definitivo para o desenrolo

dos beléns, poñéndose de moda as figuriñas napolitanas, obras de artistas tan contrastados como Agnolo, Tiorre, Rosellino, os Botliglieri ou o xenial Guisepe Sanmartino. En España revalorizouse totalmente a afección belenista, con artistas da talla de Salcillo, en Murcia, ou dos Traité, Muns, Buendía e un longo etcétera en Cataluña.

## Clásicos

Os primeiros nacementos eran costume principalmente urbana e instalábanse nos fogares e sobre todo nas igrexas e conventos. Moitas son, na actualidade, as manifestacións belenísticas existentes en Galicia, algunhas delas convertidas, por méritos propios, en todo un clásico do Nadal galego, como o belén en movemento da Orde Terceira de Ferrol, obra do artista Alfredo Martín, ou o da catedral ourensá, da autoría de Arturo Baltar. Non menos in-

teresantes, pese a non acadar a espectacularidade dos anteriores, resultan as abundantísimas representacións belenísticas de multitude de igrexas, asociacións e demais entidades do país, onde ano tras ano se está dando un verdadeiro rexurdir desta preciosa tradición artística. Entre elas, destacan as singulares figuriñas de cartón-pedra que o xenial artista santiagués Camilo Díaz Baliño fixo en 1924 para a igrexa parroquial de Ortigueira.

Na nosa provincia luguesa coexisten igualmente varia-

das representacións ou mesmo escenificacións da Bet-lechem bíblica, dende o característico Belén da Pravia, en Vilalba, ata o engaiolante Belén napolitano das clarisas en Monforte, sen esquecer o esforzo dos membros do Clube Ancares que o escenifican anualmente nos outos e irados cumes dos Tres Bispos. E que dicir doutros requintados "presepios" con figuras xigantes, como o do adro da igrexa románica de Santa María, en Viveiro; o de Celeiro de Mariñaos; o da catedral mindoniense de San Rosendo; os delicados e entrañabeis belenciños dos cenobios das monxas de clausura: clarisas de Monforte e Ribadeo, beneditinas de Freireira de Pantón, dominicas e franciscanas de Viveiro...

## Belenismo

Mais se un belén chama a atención na provincia, é, sen dúbida, o de Begonte, poboación que se converte na capital do "belenismo" galego. En pleno corazón da chaira, o belén electrónico begontino, que neste ano acada a trixésima terceira edición, continúa renovándose para poñer novamente en marcha máis de medio cento de figuriñas artesanais, que se moven ritmicamente, dacordo coas distintas horas do día e máis da noite. Toda unha variada mostra de axentes meteorolóxicos que a xeito do sol, lóstregos, tronos, neve, regueiros, fervenzas e lagoas cristalinas, espellan lindísimos escenarios da vida cotiá dos la-

bregos. ¡Que topónimos máis rotundos para a poesía máis fermosa! Baamonde, Baldo-mar, Bóveda, Carral, O Cas-tro, Damíl, Donalbai, Felmil, Gaibor, Illán, Saavedra, San Fiz, San Martiño, Santalla, Trobo, Uríz, Virís... ¡Begon-te!

¡Que grande riqueza pai-saxística cantada por toda isa pleiade de poetas que confor-

man a magnífica escola lírica chairega dos Chao Ledo, Crecente Vega, García Her-mida, Mato Vizoso, Carmiña Prieto Rouco, Iglesia Alva-riño, Francisco de Fientosa, Díaz Castro, Manuel María, X.L. García Mato, Darío Xohán Cabana, Miguel Anxo Fernán Vello, Margarita Le-do...

### Microcosmos

¡Que microcosmos máis harmónico de pastores, labre-gos e menestrais, que reflic-ten os vellos oficios da hu-manidade, en multitude de esceas costumistas propias dostraballos e os días: os la-bregos cos seu trafego, o fe-rreiro emulando a Vulcano, o carpinteiro coas garlopas, o oleiro de Bonxe, os canteiros de Román, os zoqueiros de Duarría, as tecedeiras do liño, as lavandeiras... Sen es-quecer os muiños roldeiros ou de maquiá dos ríos Parga e Ladra, os pasos, as ponte-llas, as cas amplas, de volu-me prismático, con tellados delousa, a catro augas, as construccions adxectivas...

En fin, o conxunto da vida material e espiritual galega, fielmente representado nes-te teatrilloelectrónico que se ven instalando ininterrumpi-damente dende 1972, no Centro cultural de Begonte, gracias a iniciativa precursora do finado párroco Xosé Domínguez Guizán, conti-nuado na actualidade por un-ha ampla equipa.

¡Que ledos recordos aque-les da infancia viveiresa en-tre abraiado e silente, vendo construír os nacementos de mans do meu tío Paco, pri-meiro, e despois co tamén pintor Ramón Barro, que uti-lizaban toda a súa arte para conquistar os cromatismos máis engaiolantes, a base de pigmentos, area e corcho re-torcido! ¡Que máxicos ca-dros belenísticos, onde as ce-laxes, as iluminacións, os pe-queños trucos e os efectos facían que nos sentísemos re-pentinamente trasplantados a un mundo fantástico, cheo de misterio e simbolismo!

Nacementos, pesebres, presepios, beléns... Belenis-tas, xentes posuídas por isa lene sensibilidade creativa que vai máis alá de modas e de modos, ofrecennos nestas datas tan sinaladas o gorento-so *tempo recobrado* —no máis amplo senso proustia-no— como retorno á infancia perdida, facéndonos sentir, tanto aos nenos como aos maiores, toda a forza emotiva das maravillosas sensacións do Nadal.